

## **Principais novidades normativas da Lei 22/2021, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2022 de aplicación ás entidades locais.**

### **Artigo 76. liquidación definitiva da PTE 2020 e reintegro dos saldos debedores**

No exercicio 2022 calcularase a liquidación definitiva da PTE 2020. No caso de saldos debedores, os reembolsos realizaranse segundo as seguintes normas:

- Modelo cesión: compensación con cargo aos saldos acredores que se deriven da liquidación do fondo complementario de financiamento. Se quedan saldos debedores compensarase mediante as entregas a conta por cada imposto da cesión que reciban.
- Modelo variables: compensación con cargo as entregas a conta que perciban con posterioridade á liquidación de 2020 nun período máximo de 3 anos, mediante retencións trimestrais equivalentes ao 25% dunha entrega a conta mensual, salvo que aplicando o dito criterio se exceda deste prazo de 3 anos, caso no que se axustará a frecuencia e a contía das retencións correspondentes.

### **Disposición adicional 88<sup>a</sup>. Dotación recursos para compensar os saldos negativos PTE 2020**

Independentemente do regulado no artigo 76, non se vai aplicar o previsto para o reembolso dos importes a favor do Estado que se deriven da liquidación definitiva da PTE do exercicio 2020.

Para esta finalidade créase unha partida, ampliable, no capítulo IV dos orzamentos xerais do Estado por un importe de 731 millóns de € para dotar de maior financiamento en 2022 as EELL. Serán perceptoras aquelas entidades que conforme ao artigo 76, teñan un saldo global da liquidación do exercicio 2020 a favor do Estado.

Os recursos que correspondan a cada entidade local (importe calculado segundo o artigo 76) aboaranse no último trimestre de 2022. O Ministerio realizará o desenvolvemento normativo e execución da medida.

### **Disposición adicional 33ª. Restablecemento retribucións minoradas**

As Administracións e o resto das entidades que integran o sector público que en exercicios anteriores minorasen as retribucións dos seus empregados en contías non esixidas polas normas básicas do Estado ou que non aplicasen os incrementos retributivos máximos previstos nas Leis de Orzamentos Xerais do Estado, poderán restablecer as contías vixentes antes da minoración ou as que correspondan ata alcanzar o incremento permitido nas Leis de Orzamentos.

Esta medida só a poden aplicar as EELL que cumpriran as regras fiscais (límite de débeda, estabilidade orzamentaria e regra de gasto) na liquidación do exercicio 2019.

### **Disposición adicional 86ª. Compensación ás EELL pola implantación do SII IVA na liquidación da PTE 2017.**

No ano 2017, como consecuencia da implantación do SII IVA, non se incluíu na liquidación da PTE o importe correspondente ao IVE devindicado no mes de novembro.

Durante este exercicio van calcular o importe da compensación a cada entidade local que será a diferenza entre a liquidación da PTE de 2017 efectuada en 2019 e a que resultara de computar o IVE devindicado en novembro de 2017 + xuros de mora desde o 07/02/2020 ata 31/03/2022.

A previsión é que as transferencias as EELL se fagan ao final do primeiro trimestre de 2022. Se no prazo de dous meses non as reintegran considerarase aceptada a medida e asumido o compromiso de non iniciar novos procedementos en vía administrativa ou xudicial relativo a estas reivindicacións. No caso de existir un proceso xudicial en curso, a entidade deberá realizar as actuacións precisas para a terminación do dito proceso.

En todo caso, será incompatible o acceso a esta compensación coa execución dunha resolución xudicial que recoñecera a favor da entidade local unha compensación.

### **Disposición adicional 87ª. Aplicación do artigo 36 da Lei 2/2011, do 4 de marzo, de Economía Sostible, a determinados casos de subministración de información.**

O artigo 36 da Lei 2/2011, aplicarase tamén, con vixencia indefinida, en relación coas seguintes obrigas de subministro de información e coas seguintes especialidades:



- Orzamentos do exercicio corrente, a partir de 2022: no caso de que a información sobre os orzamentos aprobados ou prorrogados non se subministre antes do 1 de xullo de cada ano, a retención aplicaríase desde setembro ata o momento de presentación da información co límite do mes de decembro. No momento en que cumpra coa obriga, reiníciase as transferencias e devólvense os importes retidos que, en todo caso, se devolverán en xaneiro do ano seguinte.
- Liñas fundamentais do orzamento do ano seguinte a partir do correspondente a 2023. A información deberá ser subministrada con data límite do 15 de setembro de 2022. No caso de que non se facilite a información, as retencións aplicaranse a partir de decembro e ata a presentación dos orzamentos do ano seguinte, e de non presentarse, ata agosto dese exercicio. Os importes retidos transferiranse, en último termo, en setembro do ano seguinte.

**Disposición adicional 94ª. Ampliación dos ámbitos obxectivo e subxectivo do Fondo de Financiación a Entidades Locais para atender as obrigas pendentes de provedores.**

- Amplíase con carácter excepcional para o ano 2022.
- Para atender ás obrigas pendentes de pagamento a provedores
- Inclusión obrigatoria de entidades locais que tiveran un PMP superior a 30 días na información subministrada en decembro de 2020, marzo ou xuño de 2021
- Requisitos das obrigas que se financiaran mediante este préstamo:
  - o Recepción da factura antes do 01/07/2021
  - o No caso de obrigas anteriores a 2021 deben ser tido contabilizadas antes do 31/01/2021. As obrigas de 2021 deben ser contabilizadas en 2021. Todas deben quedar aplicadas, en último caso, ao orzamento de 2022
- Procedemento:
  - o Os interventores deberán incluír na plataforma habilitada pola AEAT a relación certificada de obrigas que cumpran estes requisitos (17 de xaneiro-11 de febreiro)
  - o As EELL permitirán aos provedores consultar a súa inclusión nesta relación (12 a 25 de febreiro). Se non figuran nela poderán solicitar a emisión dun



certificado individual da existencia de obrigas pendentes de pagamento (ata o 7 de marzo para emitir os certificados)

- Comunicación definitiva á AEAT da relación definitiva de facturas (ata o 11 de marzo)
- O pleno da entidade local aprobará un plan de axuste (ata o 22 de marzo) (as que teñan un en vigor deberán modificalo e as que teñan un de redución de débeda ou de saneamento financeiro, quedará substituído polo plan de axuste). Se non o aproban, admitirase a súa adhesión, pero neste caso aplicaranse retencións na PTE.
- Se se incumpre o plan de axuste, as entidades non poderán concertar operacións de endebedamento a L/P para investimentos

Santiago de Compostela, febreiro de 2022